


CIBERSEGURIDADE



Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
Coedita: Colexio Profesional de Enxeñaría de Informática de Galicia (CPEIG)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2021

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0

CIBERSEGURIDADE, CON SOFÍA

Sofía ten nove anos. Gústalle xogar ao balonmán, facer surf, ler libros de misterio e a informática; de feito, quere ser enxeñeira informática como a súa nai. Ten unha gata que dorme moito e que se chama Aida, pola famosa programadora.



A ela non lle gusta a tortilla pouco feita, tampouco o chocolate nin a nata do leite, pero o que realmente non soporta son as etiquetas da roupa, que lle molestan moitísimo.





Polas tardes queda a xogar ao saír do cole, pero aquel día tiña que facer o traballo de fin de curso. Sofía elixiu “A ciberseguridade e os perigos na rede”, e decidiu falar coa súa nai e pedirlle axuda. Quedaba pouco tempo e tiña que ir a toda velocidade.

Que fai unha enxeñeira informática, mamá? Que beneficios e perigos cres ti que ten a rede?





A súa nai non paraba un minuto: era igualiña ca ela e sempre andaba artellando algo. Atopouna no garaxe arranzando a súa vella furgoneta. Maruxa (así se chama a súa nai) contoulle en que consiste o seu traballo, e algún dos moitos beneficios da informática.

O noso traballo é necesario en todos os procesos: dende o cálculo dos foguetes que van ao espazo, aos videoxogos. O coñecemento da computación é indispensable para resolver os problemas da vida diaria que fan avanzar o mundo.

A informática en xeral e a rede en particular teñen moitísimas cousas positivas, como que desde o teu dispositivo podes acceder a unha chea de información.

Algo inimaxinable cando eu era nena, igual que poder comunicarte de forma inmediata con todo o mundo. E que me dis do entretemento e dos xogos, ou da posibilidade de coñecer xente, como fixemos teu pai e mais eu? Pensa como sería o confinamento pola covid sen Internet...



O 99 % destes avances son positivos, pero hai unha serie de riscos e perigos na rede que debemos coñecer e identificar, e se todos e todas seguimos unhas recomendacións básicas podemos facer un espazo máis seguro para desfrutar de todo o bo que ten Internet.





Logo de seguir falando un bo anaco do tema, Sofia deixou a súa nai e pensou como quería estruturar o traballo. Daríalle ao miolo e buscaría os perigos que poderían ter na rede a xente da súa idade, para máis tarde dar unha serie de recomendacións e previr os riscos dos que lle falara.

Algo tiña claro: o máis importante é ter SENTIDIÑO e tratar a xente como o faría na rúa, con respecto e empatía... É dicir: non debemos facer a ninguén algo que non nos gustaría que nos fixesen. E cómpre ter en conta que se algo sona raro ou se dá algunha situación que nos molesta ou amedrenta na rede, ou algunha proposición que non nos gusta, hai que dar a voz de alerta aos seus pais. Iso tiña claro.

Había unha cuestión pola que sentía curiosidade, se cadra pola súa afección aos libros de misterio e detectives, e ía a ser o primeiro punto a tratar no traballo: que DATOS dunha persoa poden aparecer na rede?

Comezou a investigar. Ao final hai que ter moito ollo, porque ás veces, cando nos rexistramos para xogar ou cando entramos nalgunha aplicación, podemos estar dando datos sensibles (o noso enderezo, o colexio ao que imos, os nomes dos nosos pais, etc.).




Esta información pertence á nosa intimidade e non ten por que estar na rede, onde alguén pode acceder a ela.

Recorda que os teus datos son privados e que toda referencia que apareza en Internet conformará a túa identidade na rede.




Tirando do fio dos nosos datos acabou por facerse a seguinte pregunta: estamos seguras de con quen tratamos na rede?

Sempre temos que ter a seguridade da identidade da persoa con quen estamos a tratar, pois a rede non é como o parque, onde podemos ver fisicamente con quen



falamos, e pode ser que alguén finxa ser quen non é.

Desconfía sempre de calquera proposición que che fagan, ou de calquera mensaxe que poida chegar ao teu dispositivo. Por exemplo, se non xogas a lotaría é imposible que che toque!



Unha vez tratada a identidade na rede, Sofía pensou na importancia das fotos e vídeos que colgaban, xa que ás veces non lle damos a importancia que teñen as **IMAXES** que colgamos sen pensar... e logo moitas veces arrepenrímonos cando xa teñen unha difusión pública!




FOTOS



Xa que logo, pensou un lema para facer antes de colgar unha foto ou vídeo, que tamén poderíamos aplicar a calquera acción na rede:
PENSA e REPENSA,
e máis tarde **VOLVE PENSAR**

E que pasa coas fotos e vídeos onde saen outras persoas?
Lembra: se etiquetas alguén, terá que ser sempre co seu permiso; e sempre debes ser cortés nos comentarios e tratar os demais como che gustaría que te tratasen a ti.






Meditando, chegou a outro dos perigos existentes na rede, como é o aceso de alguén ao teu equipo que tente suplantar a túa identidade para facerse pasar por ti. Para que isto non pase é importante ter unha **CONTRASINAL** complicada e cambiala cada certo tempo.

O MEU ANIVERSARIO: **09122012**



O MEU ANIVERSARIO CO MEU NOME E O MEU XANTAR PREFERIDO.




Sofia09120120vosconpatacas

Pensa nestes dous contrasinais. Cal cres que é mais difícil de conseguir por un estraño?
Pois claro! O segundo é moito máis complicado de obter, grazas a que mestura números e letras. E se ademais cambias o contrasinal cada pouco tempo, moito mellor.

Como vedes, a maioría dos consellos para facer unha rede máis segura son sinxelos de realizar prestando un pouco de atención.

Este non o é menos, ademais de ser a menos tecnolóxica das recomendacións. Está relacionado cos dispositivos que teñan unha cámara incorporada, cos que corremos

o perigo que alguén poida conectar a cámara sen o noso permiso. O máis simple é tapar a cámara cunha fita ou esparadrapo, e quitala cando esteas segura do seu uso. Sinxelo, non si?



Moito ollo coas NOTICIAS FALSAS, tamén chamadas bulos ou trolas, que son información mal intencionada que circula polas redes para crear confusión ou conflito. Debemos facer un pequeno exercicio de contraste.

- Identificar quen publica a información. Se é un medio fiable ou non.
- Procurar o contido en servizos que dan avisos desta información, como por exemplo as redes da policía.
- Ler con atención, revisar o contido completo.
- Facer a nosa propia investigación e buscar as fontes da información.



Sofia rematou o traballo aseverando que se seguimos estas sinxelas recomendacións poderemos vivir e disfrutar da informática e da rede dun xeito moito máis seguro, aproveitando todas as vantaxes que nos achega e sendo un complemento á nosa vida diaria, na que tamén hai tempo para ir ao parque, facer deporte, estar coa familia, xogar, ler e descansar e pasar o tempo coas amizades.





AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Xacobeo 21-22

